



Comportamento no laboratorio

Normas de conducta básicas no laboratorio

- En calquera laboratorio existe sempre algún risco, tanto para o profesorado coma para os estudantes; por iso, o teu comportamento nel debe ser sempre responsable.
- Non realices ningunha acción que poña en perigo a túa seguridade ou a dos teus compañeiros e compañeiras, como por exemplo, correr, xogar, empurrar, berrar, etc.
- Nunca comas, nin tomes gomas de mascar ou caramelos, nin bebas, nin fumes.
- No fagas nunca experimentos non previstos.
- Acude ao profesor ou á profesora ante calquera dúbida ou incidente.
- Utiliza sempre o sentido común e presta moita atención a todo o que fagas, pois esta é a mellor forma de evitar accidentes.



Comportamiento no laboratorio

Elementos de seguridade e protección no laboratorio

- Ten localizados as saídas de urxencia e outros elementos, como os extintores, as duchas, os lavaollos, etc., por se necesitas facer uso deles en caso de accidente.
- LLeva sempre a bata de laboratorio, que debe ser longa e con mangas, e nunca te arremangues.
- Se tes que utilizar reactivos químicos usa lentes especiais de laboratorio. Os lentes normais non protexen totalmente os ollos, e os lentes de contacto desaconséllanse totalmente.
- Nunca uses sandalias cando vaías ao laboratorio.
- Evita levar aneis, pendentes longos ou colares, xa que os podes enganchar e ter algún accidente.
- Se tes o cabelo longo debes recollelo na parte posterior da cabeza.



Comportamiento no laboratorio

Forma de traballar no laboratorio

- Deposita fóra da área de traballo, a mochila, a carpeta, o abrigo, etc. Sobre a mesa debes ter só o guión da experiencia e o caderno para facer anotacións.
- Familiarízate co teu medio de traballo e cos materiais e cos equipos que vas empregar.
- Mantén o lugar de traballo sempre limpo, tanto por comodidade coma por razóns de seguridade.
- Le previamente o guión da experiencia e non a inicies ata comprobar que entendiches todas as etapas.
- Ao acabar, limpa e coloca no seu lugar o material e os aparellos que uses.
- Lava as mans antes de saír do laboratorio.